

EXPEDIENTE: 2023/E001/000002

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

TRÁMITE: ACTA 2 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO

En Dodro, ás 12:30 horas do día 12/01/2024, reúnese o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo de persoal, mediante concurso-oposición, para a formación de bolsa de emprego de persoal técnico para o desenvolvemento do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025), segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local Ordinaria do día 28 de marzo de 2023.

O anuncio das bases e da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o luns, 3 de abril de 2023 (BOP núm. 64), e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Están presentes os seguintes membros do tribunal:

Presidenta:

Titular: María Elisabet Domínguez Rodríguez, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, secretaria- interventora do Concello de Dodro.

Vogais:

- 1- Titular: Rosario Rios Rey, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rois.

Escusan a súa ausencia os vogais:

- 2- Titular: Vanessa Reboredo Fraga, técnica de administración xeral do Concello de Rianxo.
- 3- Titular: Braulio Manuel Iglesias Pérez, arquitecto do Concello de Vilaboa.

O Tribunal procede a examinar os méritos alegados, e debidamente xustificados, polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición.

Valóranse os méritos achegados polas persoas aspirantes dentro do prazo de presentación de solicitudes, segundo os seguintes criterios establecidos nas bases:

"B.-Fase concurso: (puntuación máximo 12 puntos)

A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes de acordo co seguinte baremo:

- a) Méritos por experiencia profesional (máximo 11 puntos)

1- Por cada mes completo de servizos prestados en calquera Administración Pública como persoal técnico de prevención de condutas aditivas ou realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado en programas de prevención de condutas aditivas: 0,40 puntos

Acreditarase presentando certificado de servizos prestados da administración correspondente como persoal técnico de prevención de condutas aditivas ou certificado de servizos prestados no que consten as tarefas realizadas directamente relacionadas co posto ofertado en programas de prevención de condutas aditivas e, en ambos casos, a vida laboral completa.

2- Por cada mes completo de servizos prestados fóra da Administración Pública como persoal técnico de prevención de condutas aditivas ou realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado en programas de prevención de condutas aditivas: 0,20 puntos

Acreditarase co certificado de empresa ou contrato, no que conste a contratación como persoal técnico de prevención de condutas aditivas ou no que consten as tarefas realizadas directamente relacionadas co posto ofertado en programas de prevención de condutas aditivas e, en ambos casos con informe de vida laboral completo.

En caso de contratacións a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Non se computaran servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais.

b) Méritos por formación (máximo 1 punto)

Por formación especializada en materia de prevención de condutas aditivas, a maiores das 100 horas exixida na base segunda como requisito: 0,01 puntos por cada hora de formación.

A formación debe cumprir o requisito de ser certificada, subvencionada ou impartida por Administracións Públicas, universidades ou fundacións universitarias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación."

O Tribunal Cualificador por unanimidade dos seus membros outorga as seguintes puntuacións trala valoración dos méritos referidos:

APELIDOS E NOME	DNI	Méritos por experiencia	Méritos por formación académica	Total
Crestar Pena Duarte	***602***	0	0,25	0,25
Mosconi Cadillo Ana	***810***	0	1	1
Nuñez Rodríguez Lorena	***747***	11	1	12
Sotelo Conde Carmen	***820***	11	1	12

A puntuación obtida polos aspirantes é o resultado da suma da puntuación obtida na fase de oposición e na fase de concurso; é a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	Puntuación fase de oposición	Puntuación fase de concurso	Total
Crestar Pena Duarte	***602***	17	0,25	17,25
Mosconi Cadillo Ana	***810***	16	1	17
Nuñez Rodríguez Lorena	***747***	17	12	29
Sotelo Conde Carmen	***820***	15	12	27

Á vista de todo o anteriormente exposto, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

Primeiro.- Que se publique a puntuación obtida na fase de concurso no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro, así como a puntuación total obtida polas persoas aspirantes do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego de persoal técnico do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025). Concédese un prazo de 2 días hábiles para a presentación de alegacións.

Segundo.- Propoñer ao alcalde, a relación de candidatos que superaron o proceso selectivo e a súa orde de prelación aos efectos de formación da bolsa de emprego.

Orde de prelación	Nome e apelidos	DNI
1	Lorena Nuñez Rodríguez	***747***
2	Carmen Sotelo Conde	***820***
3	Duarte Crestar Pena	***602***
4	Ana Mosconi Cadillo	***810***

Sendo ás 13:50 horas dáse por rematado o acto, estendéndose esta acta que asinan dixitalmente todos os membros do Tribunal, do que dou fe.

A presidenta, María Elisabet Domínguez Rodríguez

A vogal, Rosario Ríos Rey

A secretaria, Sandra María García Chenlo